



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2016-177

CONCURSOS PARA ELABORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL E PARA CREACIÓN DE BELÉNS

Monterrei, 2 de Decembro de 2016

## EDICTO

A Xunta de Goberno Local, o día 30 de novembro de 2016, aprobou as seguintes bases que rexerán o concurso de postais de Nadal:

### Bases do concurso de postais de Nadal:

1. Poderán participar todos os nenos e nenas do CEIP de Medeiros e do CRA Monterrei.
2. Tema: "O Nadal".
3. As postais realizaranse sobre cartulina tamaño A5.
4. A técnica empregada é libre (cor, branco e negro, collage, ceras...). Poden utilizarse só imaxes ou estas combinadas con texto.
5. A postal irá asinada polo alumno ou alumna. No reverso será imprescindible indicar o nome, apelidos e curso do participante.
6. O prazo de presentación das postais finalizará o día 19 de decembro do 2016.
7. Concederanse os seguintes prémios:
  - Establécense tres finalistas, entre os cales o xurado elixirá ao gañador.
- Os premios entregaranse en material escolar.
8. O xurado estará formado por:
  - Un representante do Concello de Monterrei.
  - Un/ha profesor/a do CEIP de Medeiros e un/ha profesor/a do CRA de Monterrei.
  - Un pai/nai nomeado/a pola ANPA.
9. O xurado pronunciarase sobre os premios o día 20 de decembro de 2016.
10. A postal gañadora quedará en propiedade do Concello de Monterrei que se reserva o dereito de utilizala como felicitación de Nadal. Ademais realizarase unha exposición con todas as postais.
11. A entrega de premios aos tres finalistas realizarase no Concello de Monterrei.
12. A participación neste concurso supón a aceptación das bases.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

